

III FESTIVAL GALEGO DE TEATRO ESCOLAR DO IES DE CACHERAS
TEATRO COMO FERRAMENTA INCLUSIVA DE APRENDIZAXE, DE
INTERCAMBIO E DE SOLIDARIEDADE

Presentouse esta mañá ás 11:00 horas no Salón de actos do IES de Cacheiras o **III FESTIVAL DE TEATRO ESCOLAR DO IES DE CACHEIRAS** que se celebrará o **sábado, 20 de abril**, na aldea de **Luou** e no **Auditorio Constante Liste da Ramallosa**.

Este evento está **organizado** pola **Aula de Teatro do IES de Cacheiras**, o **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, o **Departamento de Vicedirección e Actividades Extraescolares** e conta coa **colaboración** do **CONCELLO DE TEO** e da **ASOCIACIÓN CULTURA A MÁMOA, DE LUOU**.

Na presentación participaron a **Alcaldesa de Teo, Lucía Calvo de la Uz**, a **Concelleira de Educación, María Vázquez Rey**, a **Concelleira de Cultura, Margarita Rosende Domínguez**, a **Directora do IES de Cacheiras, Olga Simón Cruz**, a **Vicedirectora, Trinidad Pazos Celis**, alumnado de Educación Secundaria que protagoniza o roteiro e a actuación e os profesores e directores da Aula de Teatro, Antonio Fuentes Paredes, Xosé Eixo Branco e Afonso García Penas.

Participarán nesta xornada cultural máis de cento corenta actores e actrices de tres Aulas de Teatro de diferentes puntos xeográficos de Galicia (Teo, Palas de Rei e Touro). O programa deste Festival é o seguinte:

Haberá un **roteiro teatral, musical e poético ás 16:00 horas** na aldea de **Luou** que estará protagonizado pola Asociación Cultural A Mámoa, alumnado, familias, veciñanza e profesorado do instituto.

Un roteiro teatral no que percorrерemos lugares significativos de Luou ao tempo que lembramos a historia máis antiga e a recente. A mámoa de Trasellas serve de escenario da lenda e dá pé a coñecermos estes monumentos megalíticos e os primeiros asentamentos. Camiñamos pola Horta do Cura e par da igrexa mergullamos na devoción a Santa Margarida, na tradición, na fonte que tantos males lavou e lava; avogosa ela das doenzas das da pel. Ao pé do cruceiro lembramos as orixes do “Sindicato de Agricultores y Ganaderos de Luou”, a construción do seu edificio coa inestimable achega e axuda dos emigrantes do lugar. Xa dentro do edificio recordamos a creación da “Biblioteca Popular de Luou” pola Sociedade de Residentes de Luou en Bos Aires e do museo pedagóxico, as escolas, os materiais que para eles traían dende aló co obxectivo de “difundir a cultura e o desenvolvemento da educación popular do noso pobo de orixe”; a ruptura que supuxo no envío destes materiais a guerra civil e o abandono. Ata que en 1968 xorde o Teleclub e as súas veladas teatrais, e xa a nova vida e actividade nos anos oitenta coa Asociación Cultural A Mámoa. Neste percorrido homenaxearase a persoas activas culturalmente como Ramón Parajó e a moi querida por todos Encarnación da Cantina.

Este roteiro combinará música, teatro, poesía e xogos e persegue **varios obxectivos**: achegar diferentes xéneros teatrais á poboación, a interrelación entre persoas de diferentes idades e localidades, a aproximación do alumnado ao mundo rural e a súa posta en valor, a transmisión do tecido cultural das xeracións que nos precederon, a posta en práctica dunha educación inclusiva e adaptada á diversidade do alumnado. O punto de partida será **A CARBALLEIRA DE LUOU**.

Ás 19:30 horas, no Auditorio Constante Liste da Ramallosa A Aula de Teatro do IES de Cacheiras, O Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei e a Aula de Teatro do CPI Fonte Díaz de Teatro porán en escena o espectáculo Á LUZ DAS CANDEAS.

Á luz das candeas presenta desde una perspectiva dinámica, cómica e pedagóxica, diversas historias que invitan á reflexión sobre valores como a

cultura da paz, a inclusión, o respecto ao medioambiente, a solidariedade, a integración, a igualdade... Trátase dun espectáculo vertebrado ao redor das historias que varias persoas maiores do rural lle relataron ao alumnado e que este teatralizou.

Este traballo coral e interxeneracional establece unha defensa das relacións humanas baseadas no diálogo, o respecto, a humildade... e pon de manifesto a empatía con aqueles que sofren. Trátase, asemade, dun espectáculo que pretende alentar ao desfrute dos sentidos e amosar un mundo que baila, que soña, que ri, que vibra de emoción... pero que moitas veces non percibimos por non mirar con outros ollos. ARRIBA O PANO!!!

Este Festival permite que o alumnado das tres Aulas de teatro interactúe, comparta situacións de aprendizaxe e propicia que amose conxuntamente o traballo realizado durante o Curso teatral que se desenvolve ao longo do curso académico 2023/24 nas tres localidades; ademais de integrar a persoas con diferentes capacidades, de intercambiar experiencias e traballar conxuntamente nun obxectivo común: a posta en escena dunha obra teatral. Insírese dentro dunha xira de funcións que comezou o día 7 de marzo no **Teatro Principal de Ourense**, continuou en Touro e Palas de Rei o 16 de marzo e o 13 de abril respectivamente e proseguirá en **Muros, Ames, Sestao e Bruxelas**.